

ESQUEMA DO APARTADO 4. VIVIMOS NUN MUNDO GLOBALIZADO?

Definición de globalización: proceso de carácter universal caracterizado pola interconexión económica entre os países e por unha maior rapidez os intercambios comerciais e na toma de decisións empresariais. Este fenómeno é propio de finais do século XX.

Este proceso foi **favorecido** por:

- O poder das empresas multinacionais.
- O aumento da produción.
- Os avances nos transportes, as telecomunicacións e o comercio mundial

Características da globalización:

1. A crecente interdependencia entre as economías dos países.
2. O fortalecemento das empresas multinacionais.
3. A internacionalización dos mercados financeiros. Libre circulación do diñeiro.
4. O aumento dos fluxos migratorios internacionais.

As tres dimensións da globalización:

- a) **Globalización económica:** integración das economías locais nunha economía de mercado mundial.
- b) **Globalización política:** integración das políticas nacionais nunha política mundial a través de organizacións internacionais.
- c) **Globalización cultural:** difusión mundial da cultura occidental na moda, na música, deportes, pensamento...

- Vantaxes de desvantaxes da globalización:

VANTAXES	DESVANTAXES
Acceso universal á cultura e á ciencia	Aumento dos desequilibrios económicos, sociais e dos territorios
Intercambio cultural e científico entre países	Maior desigualdade social
Desenvolvemento dos sistemas de comunicacións globais	Uniformización cultural e perda da identidade propia de cada país
Mellores condicións de vida en case todos os países	Inflúen negativamente no ecosistema e sobre o quecemento global
Redución dos custes de produción. Aumento da competitividade e maior poder de elección en canto a bens e servizos	En países en desenvolvemento: - Maior dependencia das multinacionais. - Incremento de peche de fábricas. - Peores condicións laborais.

A nova sociedade globalizada tende á multiculturalidade. Esta aula é un exemplo.